

Normas de hixiene e seguridade no obradoiro de tecnoloxía

Normas de hixiene

1. Mantén as mans limpas e secas.
2. Para evitar engancharte coas máquinas, usa roupa cómoda e non demasiado ancha, leva o pelo recollido e non poñas colares nin aneis.
3. Limpa e mantén ordenados os útiles e as ferramentas durante o proceso de traballo, retirando e colocando os utensilios que non esteas a utilizar nese momento. Procura que non caian ao chan.
4. Non fagas rúidos innecesarios nin fales alto: o ruído desconcentra.
5. Ordena o lugar de traballo cando remates a tarefa:
 - a) Coloca as ferramentas, útiles, materiais e traballos no lugar correspondente (panel de ferramentas, armarios, estantes, etcétera).
 - b) Limpa as mesas de traballo, bancos, etc., e varre o chan.

Normas de seguridade

En xeral, debes cumprir as seguintes normas:

1. **Consulta** ao teu profesor ou profesora calquera dúbida que teñas.
2. Se sofres calquera **lesión** (corte, queimadura, proxección de virutas nos ollos...), acode inmediatamente ao teu profesor ou profesora para que te atenda.
3. Aforra material e coida as ferramentas.

Con respecto á aula

1. Aprende a **organización** interna do obradoiro, así como a **localización** das entradas e saídas e a localización dos **elementos de seguridade**: extintores e cadro de proteccións.
2. Respecta a **senalización**. Existen catro tipos de sinais: de prohibición, de perigo, de obrigatoriedade e de auxilio.

Con respecto á tarefa

1. Ten sempre unha **tarefa** específica que cumprir. Evita descoidos e bromas, non te distraias e non molestes os teus compañeiros cando estean traballando.
2. Debes estar en boas **condicións físicas e psíquicas** (ter comido suficientemente e ter durmido o tempo adecuado).
3. Aprende o funcionamento de cada ferramenta antes de manexala. Se é necesario, pregunta primeiro.
4. Emprega os **elementos de protección** adecuados sempre que sexa oportuno.



O alumno/a don/dona _____ leu e comprendeu as normas arriba enumeradas e comprométese a respectalas polo seu propio ben e o dos seus compañeiros.

Asinado: